MANUEL MARÍA

Moi queridos amigos: Moi ledos e agradecidos polo envío de "Las ciudades del Poniente" e pola súa adicatoria. Lin o libro. Comencei e non puiden deixalo. Gustoume moitísimo, especialmente pola súa desnudez e transparente claridade. Nas súas páxinas hai moito Bierzo e moita Galicia, dun xeito cabal e verdadeiro. Noraboa.

Sentín, de verdade non estar na súa presentación na Coruña. Xa che espliquei a miña ausencia.

Ai che vai o meu derradeiro libro publicado. Celebraría fose do teu gusto.

A ver cando nos observamos e falamos competentemente.

Unha moi funda aperta de Saleta e miña para Ursula e para ti, co noso agradecemento

Manuel María